

# Intelixencia artificial feminista

</fronte aos algoritmos machistas>

Seminario e obradoiro

SOCIEDADE DIXITAL E XÉNERO

Hackeando o patriarcado

3ª edición

18 de novembro de 2021

Cátedra de Feminismos 4.0  
DEPO - UVigo

DEPUTACIÓN  
PONTEVEDRA

Universidade de Vigo

*O vindeiro 18 de novembro a Universidade de Vigo, en colaboración coa Deputación de Pontevedra, organiza a terceira edición do workshop **SOCIEDADE DIXITAL E XÉNERO**. Hacheando o patriarcado, coa finalidade de manter activo un espazo de reflexión colectiva ao redor do denominado «patriarcado dixital».*

*O workshop celebrarase en **formato semipresencial**.*

### *Asistencia presencial*

---

Para as persoas interesadas en asistir **presencialmente**, deberán desprazarse ata a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo, situada no Campus Lagoas-Marcosende. Podes atopar a localización exacta coas súas coordenadas no seguinte mapa:

<https://bit.ly/LocalizacionWorkshop>

Neste caso, debes **confirmar previamente asistencia** no seguinte formulario:

<https://bit.ly/InscripcionWorkshop>

**Inscripcións abertas no obradoiro da tarde**. Confirma a túa asistencia no seguinte formulario:

<https://bit.ly/InscripcionWikigap>

### *Asistencia virtual*

---

Porén, se prefires participar **virtualmente**, podes **seguir o seminario vía streaming** na seguinte ligazón:

[https://bit.ly/StreamingWorkshop\\_2021](https://bit.ly/StreamingWorkshop_2021)

## *Intelixencia artificial feminista frente aos algoritmos machistas*

A ofensiva do neoliberalismo, aliado do patriarcado, en particular contra as mulleres, e a situación de involución ideolóxica cara a posicións de ultradereita, está a propiciar un aumento das fendas de xénero en todos os eidos. A isto hai que sumar o retroceso nos dereitos adquiridos e a ameaza sobre a natureza e as poboacións máis vulnerables. Nesta situación, é preciso reflectir o papel dos feminismos nunha nova era, denominada o Antropoceno (unha denominación que, por certo, é androcéntrica). É imprescindible poñer os cuidados no centro da vida, así como avanzar na consecución dos ODS da Axenda 2030. Todos estes obxectivos non se acadarán sen as mulleres!

Os graves acontecementos que estamos a vivir están poñendo de manifesto as severas deficiencias do sistema capitalista e patriarcal. Por isto, debemos aproveitar esta crise para cuestionar o papel que están a desempeñar as tecnoloxías na lexitimación de esta situación e atender a información relevante proporcionada polo ecofeminismo ou tecnofeminismo.

Neste senso, a importancia que cada vez máis está adquirindo a intelixencia artificial (IA) no deseño do noso mundo en todos as ordes, dende a seguridade cidadá ata o deseño das nosas casas, invita a reflexionar sobre a necesidade de regular un deseño e entrenamento de algoritmos máis xusto, que se adapte á realidade demográfica da nosa sociedade, e que estea libre de nesgos sexistas, estereotipos de xénero e misoxinia.

Por tanto, é importante que a Intelixencia Artificial Feminista (IAF) adquira maior protagonismo e sexa unha ferramenta fundamental para garantir un novo mundo máis igualitario, xusto e humano. Cómpre identificar, visibilizar e difundir as diversas accións e activistas en redes sociais neste eido, que presenten unha concepción "líquida" das tecnoloxías, orientada a salientar o seu carácter social, a súa utilidade na realización dos traballos de coidado, de preservación da saúde e do medio ambiente, seguindo as directrices da Axenda 2030. Buscamos, ademais, elaborar un documento que compile todos os recursos existentes neste ámbito, coa finalidade de facilitar a súa comprensión e divulgación.

# PROGRAMA

## de mañá

18 de novembro de 2021

### 10.00 - 10.15 **Apertura do acto coas autoridades:**

**Carmela Silva Rego**, presidenta da **Deputación de Pontevedra**  
**Manuel Joaquín Reigosa Roger**, reitor da **Universidade de Vigo**

### 10.15 - 11.00 **Intelixencia artificial, igualdade e perspectiva de xénero**

**Intervención da catedrática Karina Gibert**

Catedrática da Universitat Politècnica de Catalunya (UPC) e directora do centro de investigación Intelligent Data Science and Artificial Intelligence (IDEAI- UPC). Vicedecana de Presidencia por ética e igualdade do Colexio Oficial de Enxeñería Informática de Cataluña. É, ademais, fundadora e presidenta das comisións de xénero donesCOEINF e donesAcat e embaixadora do Women in Data Science que a Universidade de Stanford organiza en Barcelona. Tamén é experta e coautora da estratexia catalana de intelixencia artificial (IA) e asesora do Senado e da Comisión Europea en ética da IA.

*Presentada por Amparo Alonso.*

### 11.00 - 11.45 **Soñan os androides con ovellas machistas?**

**Intervención da catedrática Lorena Fernández**

Enxeñeira informática, actualmente directora de comunicación dixital da Universidade de Deusto. Membro do grupo experto da Comisión Europea Gendered Innovations para analizar o impacto de non incorporar a perspectiva de xénero na intelixencia artificial. Creou, xunto a Pablo Garaizar e Iñigo Mestre, o xogo de mesa Nobel Run.

*Presentada por Soledad Torres.*

### 11.45 - 12.05 **Descanso**

### 12.05 - 12.50 **Intelixencia artificial, transparencia e explicabilidade para promover modelos intelixentes feministas**

**Intervención de Nerea Luis**

Doutora en Ciencias da Computación, traballa como enxeñeira en Intelixencia Artificial en Sngular, onde lidera proxectos baseados en machine learning (aprendizaxe automática) e computer vision (visión artificial). É cofundadora do evento tecnolóxico T3 chFest e unha apaixonada da divulgación, a intelixencia artificial e a robótica. Nerea foi Women Techmaker Scholar en 2016 por Google. Recentemente foi seleccionada dentro do Top 100 de mulleres líderes en España na categoría "revelación".

*Presentada por Encina Calvo.*

### 12.50 - 13:50 **Mesa redonda, modera Luz Castro**

#### • **Ona de Donestech: Libérate das infraestruturas patriarcais de GAFAM**

Activista dos dereitos humanos en diferentes campos, tanto en internet como nas rúas. Empezou coa utilización do software libre *Por ética al 2000*, debido a que considera que o coñecemento debe estar ao alcance de toda a humanidade. Posteriormente, converteuse nunha usuaria avanzada e acabou estudando, ensinando e traballando con programación, sistemas operativos, privacidade e seguridade, entre outros ámbitos.

#### • **Paola Pozzi: Ciberacoso: outra forma de violencia contra as mulleres**

Licenciada en Ciencias Políticas, Posgrao en Igualdade de Xénero. Coach Profesional Certificada por ASESICO. Docente certificada e facilitadora de grupos. Especializada en procesos de desenvolvemento persoal e grupal, con emprendedoras e profesionais. Compaxina o seu traballo no ámbito social, coa consultoría e docencia en igualdade de xénero e plans de igualdade.

#### • **Manuel Fernández: Introducción da perspectiva de xénero en materias de intelixencia artificial**

Profesor de ciencias da computación e intelixencia artificial da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e investigador do Centro Singular de Investigación e Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS). Foi premiado pola USC na XII edición dos premios á introdución da perspectiva de xénero na modalidade "docencia" polo seu traballo de introdución da perspectiva de xénero en materias de intelixencia artificial.

### 13.50 - 14.00 **Conclusiones e clausura**

**Águeda Gómez**, directora da **Cátedra de Feminismos 4.0 da Universidade de Vigo**  
**Ana M.ª Mejías Sacaluga**, deputada de **Novas Tecnoloxías e Desenvolvemento Empresarial da Deputación de Pontevedra**

# PROGRAMA

## de tarde

18 de novembro de 2021

16.00 - 19.00 *Obradoiro presencial*

## WIKIGAP

O obxectivo deste obradoiro é traballar por unha Wikipedia comprometida coa igualdade, mediante a visibilización do traballo das mulleres, xerando biografías de mulleres (actualmente son só o 15% do total de entradas na Wikipedia).

- *Impartido por Adrián Estévez Iglesias*

Diplomado en Maxisterio de Primaria e Graduado en Lingua e Literatura Galegas, é editor de forma activa na Galipedia desde 2007 e socio de Wikimedia España desde 2016 e de Wikimedia Portugal desde 2018. Adrián Estévez realizou numerosas charlas de divulgación sobre a Galipedia en centros de ensino galegos e participou en encontros internacionais, desde Gales ata Cidade do Cabo. En marzo de 2018 recolleu en nome da Galipedia o Premio Xoán Manuel Pintos ao compromiso coa lingua, concedido polo Concello de Pontevedra. En decembro dese mesmo ano tamén recolleu o Premio Rosalía de Castro de Lingua, concedido pola Deputación da Coruña. Ademais do seu importante traballo na Galipedia, entre outros proxectos, traduciu ao galego a novela de John Fante *A irmandade da uva*.

*Participación presencial ata esgotar o número de prazas.*

### Inscripcións abertas no obradoiro da tarde

Confirma a túa asistencia no seguinte formulario:

<https://bit.ly/InscripcionWikigap>

*A Deputación de Pontevedra, xunto coa Universidade de Vigo, teñen como obxectivo, a través da creación da CÁTEDRA DE FEMINISMOS 4.0, promover a igualdade, a non discriminación e accesibilidade universal das mulleres no ámbito das actuais sociedades da información. En concreto, a promoción e o impulso de actividades de investigación e innovación feminista en todos os ámbitos do coñecemento, priorizando os estudos relacionados coa dixitalización actual da sociedade e o ámbito das STEM (siglas en inglés de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), onde as mulleres están infrarrepresentadas e resulta un espazo cada vez máis relevante nas sociedades do futuro.*

Máis información en: **Unidade de Igualdade - Universidade de Vigo**  
Tfno.: 986 813 419 - [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)

[www.catedrafeminismos.gal](http://www.catedrafeminismos.gal)